



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE XUÑO DE 2016</b>
---

<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
---

<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA
--

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE  
D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro  
D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro  
D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro  
DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira  
GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS  
Concelleira

GRUPO BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

FALTAN Á SESIÓN

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día dous de xuño de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE MAIO DE 2016.** Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2016, a corporación en Pleno **ACORDA**, por unanimidade, aprobar a devandita acta, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 28 DE MAIO DE 2016.** Dada conta do borrador da acta da sesión

extraordinaria celebrada o día 28 de maio de 2016, a corporación en Pleno **ACORDA**, por unanimidade, aprobar a devandita acta, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

### **3°.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A **Sra. Belén Louzao** propón que se traslade o punto de rogos e preguntas para o Pleno extraordinario que se está a convocar. Contesto eu, **Secretaria**, dicindo que sí é viable, só que en vez de chamarse "rogos e preguntas" denominaríase "participación dos grupos políticos" ou doutra maneira, xa que "rogos e preguntas" non pode incluírse nunha sesión extraordinaria.

Non chegando a un acordo sobre este tema pásase a desenvolver este punto. A estes efectos concede o Sr. Alcade a palabra á Concelleira do PSdeG-PSOE, **Sra. Belén Louzao**, quen recorda que no mes de marzo pideu que se convocara unha Comisión para tratar o tema do IBI xunto con varias propostas para evitar prexudicar aos veciños nestes momentos de crise, sen embargo, a pesares de que se lles informara por parte do grupo de goberno que se lles convocaría para este asunto, a día de hoxe non sucedeu; polo tanto quere poñer enriba da mesa unha Sentenza que di que aqueles terreos urbanos que non están edificadas teñen que tributar como urbano, fai máis dun ano que está en vigor, se trata dunha Sentenza do 2014 que entrou en vigor en 2015 e estamos no 2016, polo que é necesario estudar as posibles bonificacións que se propuxeron, derivadas da reforma do catastro polo tema dos galpóns, xa que o seu grupo político considera que este tema vai producir moitos prexuízos para os veciños/as da Estrada.

Polo anterior, a **Sra. Louzao** considera que o IBI é un tema moi importante e de moito calado, polo que pide que non se deixe pasar. Sen embargo, recorda que o Sr. Alcalde fixo declaracións á prensa sobre diversas modificacións neste asunto, pero ela non saben en que quedou todo.

O **Sr. Alcalde** responde ao anterior dicindo que se vai a convocar a correspondente Comisión Informativa, estando pendente da autorización catastral, de feito se está facendo o proceso de actualización de maneira voluntaria a través do ORAL e, posteriormente, se entrará na fase de regularización catastral a través do propio Catrastrro, prevista para final de ano. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, como hai tempo, se está a falar co ORAL e con Catrastrro para saber cales son as posibles decisións que se poidan tomar con respecto ás edificacións de usos agrícolas; polo tanto, unha vez se teña toda esa información se convocará Comisión Informativa, ademais de ver as consecuencias da Sentenza do Supremo, pero di que á Estrada lle afecta pouco, xa que aqueles solos que estaban tributando cando estaban en vigor as Normas Subsidiarias da ponencia do ano 1996 acabaron eximindo a todos no imposto do IBI no ano 2013, sendo agora necesario identificar aqueles terreos que xa eran urbanizables coas normas subsidiarias e os que o son agora, ademais daqueles que no ano 2013 eran solos rústicos e agora non o son.

Finalmente di que se intentará convocar Comisión Informativa para dar resposta neste asunto antes da celebración da próxima sesión plenaria, ao que a **Sra. Louzao** pide que se faga o antes posible para dar lugar a un prazo de reclamacións.

Continúa a **Sra. Belén Louzao** recordando que no mes de abril de 2015 a Conselleira naquel momento informaba que no curso 2016/2017 arrancaríase o funcionamento da Gardería, sen embargo, no mes de abril pasado, visitou A Estrada o Conselleiro actual e informa que a apertura sería en setembro de 2017; tamén recorda que o pasado mes de maio íase a asinar un Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia no tema da Gardería municipal, por todo o anterior pregunta si se asinou o devandito Convenio, cales son os criterios que se van a aplicar, en qué vai a afectar ao persoal traballador, cómo van a quedar as xestións informativas, cales van a ser as tarifas aplicables a cada familiar e se se vai a homoxeneizar coa Gardería municipal actual.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está traballando con rapidez para a construción da nova Gardería, de feito fai pouco chegou o informe da Consellería sobre o proxecto presentado que gañou o concurso e os técnicos municipais están rematando

o informe que teñen que asinar eles mesmos. Unha vez recabados os informes favorables do Consorcio e dos técnicos municipais, se lles remitirá aos adxudicatarios para que, nun prazo de 15 días, presenten o Proxecto de Execución e, unha vez presentado este, se remitirá á Xunta para a súa adxudicación inmediata. Ante o anterior o Sr. Alcalde cre que no mes de xuño ou xullo xa se debería ter o expediente de licitación da Gardería Infantil.

Por outra banda, con respecto ao Convenio coa Xunta, esta última considera que, como a licitación e adxudicación a vai a levar a cabo o noso Concello, entón tamén debería de correr cos gastos de dirección de obras e estudos xeotécnicos, cantidades a descontar do importe do 25% que lle corresponde ao Concello asumir, é un tema que se está a negociar coa Xunta. Tamén informa que se está a valorar se se asume a licitación e a dirección da obra, temas que están a retrasar a sinatura do Convenio, xa que neste se debe recoller os compromisos de ambas partes, entre outros temas, pero unha vez aclarados estes asuntos se asinará o Convenio que espera que sexa neste mes de xuño, avanzando que xa é coñecedor do valor da obra e que ronda en torno aos 895.000 euros aproximadamente.

Con respecto á apertura da nova Gardería será o que se estableza no propio prego, pero calcula que non será máis alá dun ano, considerando a data ideal setembro de 2017.

En canto á xestión da Gardería, o Sr. Alcalde informa que lle corresponderá ao propio Consorcio, co seu propio persoal e propias condicións e, a partir de aí, se valorará como se pode levar a cabo a sincronización entre as dúas Garderías existentes, pero considera que aínda é pronto e se conta cun ano para levar a cabo ese estudo.

A Sra. **Belén Louzao** solicita que se aclaren esas dúbidas que teñen preocupados aos traballadores.

Continuando no seu turno de rogos e preguntas, a **Sra. Louzao**, quere felicitar ao Callobre Club de Fútbol pola boa organización na celebración do seu 75 aniversario. Así mesmo, existe unha revista na rúa que leva por detrás o escudo de A Estrada, trátase dunha revista informativa das actividades municipais da cal non tiña coñecemento, polo que pregunta se é editada polo Concello ou ben si o noso organismo é só colaborador, se se trata dunha edición única con motivo da celebración do aniversario do Callobre C.F e, por último, en qué medida o Concello colabora ou colaborou nesta revista.

O **Sr. Alcalde** contesta dicindo que descoñece o tema, polo tanto informarase e daralle contestación por escrito.

A **Sra. Belén Louzao** traslada unhas queixas manifestadas polos veciños/as en relación cos mal estado das pistas que unen Trabadala con Ribela e a que vai de Ribeira ao Areal en Berres, pregando que sexan arranxadas o máis pronto posible. Tamén di que o mesmo ocorre no lugar da Igrexa en Santó André de Veá e na rúa que vai de Requián a San Xurxo de Veá, no que asfalto está prexudicado, existindo moitos baches. Ante a situación das estradas di que non sabe se o goberno cambiou o sistema de arranxo dos viais municipais o é que simplemente non están a facer nada, pero solicita que se arranxen o máis pronto posible e que non se chegue a tales extremos de desamparo.

Continúa trasladando unha solicitude de veciños para que as novas pistas asfaltadas en Codeseda e Arca sexan provistas de sinalización de control de velocidade e tonelaxe.

E, por último, roga que se proceda a limpar a maleza existente no camiño da Congostrá, o cal dificulta o tránsito e visibilidade polo mesmo.

A continuación o Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira de **MÓVETE, Dña. Mar Blanco**. En primeiro lugar manifesta que, en relación á forma de como foi elaborada a convocatoria das Brigadas de prevención e extincións de incendios no ano pasado, ao seu grupo lle gustaría propoñer algunhas melloras, así considera que se deberían facer probas físicas e de resistencia, probas axeitadas ao tipo de traballo que teñen que desenvolver e, deste xeito, contratar a profesionais neste campo tan perigoso; por outra banda considera importante que se cumpra o Convenio asinado entre este Concello e a Xunta no que respecta ás funcións atribuídas ás Brigadas non só de incendios senón tamén de prevención, xa que moitas veces se ven

facendo tarefas alleas ás súas atribucións. Espera, por lo tanto, que todo o anterior se teña en conta para a convocatoria desta ano.

En segundo lugar, reitera o rogo de que se habilite un aseo público que inclúa cambiadores de bebés na Alameda, sobre todo tendo en conta a cantidade de nenos que van a xogar alí e ademais non ten un custo excesivo.

Contesta o **Sr. Alcalde**, con respecto a este último rogo, que é unha posibilidade o abrir os baños do quiosco ao público e que as persoas que se encargan diariamente da limpeza dos xardíns procedan tamén á limpeza dos aseos.

Seguindo co seu turno de rogos e preguntas, a **Sra. Mar Blanco** roga que se teña máis coidado co patrimonio estradense, en concreto pide que se proceda coa limpeza da ponte de Rubín porque, a pesares de que se fixo unha gran inversión no goberno bipartito, neste momento está totalmente abandonada e chea de maleza, ademais considera que non suporía un custo excesivo.

Pregunta a **Sra. Blanco** sobre cal é o estado do informe que se pideu a Patrimonio para arranxar a Ponte Liñares, respondendo o **Sr. Alcalde** que, segundo a información que ten, Patrimonio ten pensado levar o dito informe á Comisión que se celebrará na semán do 21 ao 25 co fin de autorizar a rehabilitación da Ponte Liñares.

A **Sra. Mar Blanco** pide que se lles facilite copia dos informes de Patrimonio, neste senso quere saber o contido do informe de Patrimonio que se refire á posible afección do Castro de Aguións no trazado da variante, porque lle é difícil de entender que no informe do ano 2009 non se fixera ningunha obxección e agora, sen embargo, cando o seu orzamento xa está incluído nos Presupostos do Estado, xurde o problemas a partires do informe de Patrimonio que pon trabas.

Resposta o **Sr. Alcalde** que non se ten o devandito informe, xa que é un trámite que está facer o Ministerio de Fomento coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e, neste momento, se está pendiente do informe de impacto medioambiental do Ministerio de Medio Ambiente e Agricultura. Continúa dicindo que, aínda que o primeiro informe de Patrimonio no incluía a existencia dun castro en Aguións, neste novo informe se recolle dita afección e que imposibilita a licitación da obra da variante. Di o Sr. Alcalde que tivo unha conversación co Xefe da delegación de carreteras en Galicia, Ángel del Río, así como coa Ministra de Fomento, Ana Pastor, a partires de aí se fixo unha reunión con Patrimonio onde se acordou utilizar un xeoradar para comprobar a non existencia dunha segunda muralla castrexa nesa zona. Di que esta mañán Fomento adxudicou á empresa INECO os traballos de xeoradar en 11 fincas afectadas pola variante e colindantes co castro, por iso este goberno está poñéndose en contacto cos propietarios para informarlles destes traballos e de que non supoñen ningunha agresividade. A partires de aí se elaborará un informe que se remitirá a Patrimonio e, no caso de que constate a existencia de restos arqueolóxicos, entón se buscará unha alternativa a ese trazado e suporá un atraso na obra. De todos xeitos calcula que nun prazo de quince días se saberá os resultados.

Continuando co seu turno, a **Sra. Mar Blanco** di que, sabendo que xa fai un ano que os carniceiros quedaron sen o servizo do Matadoiro municipal, sabendo que o Sr. Alcalde prometeu que ao final do 2015 este servizo se restablecería, que no Pleno de febreiro se acordou a recuperación da concesión, dí que quería saber se existe algunha traba que permita reactivar o servizo do Matadoiro municipal.

Respóndelle o **Sr. Alcalde** que efectivamente existen trabas, xa que se trata da recuperación dunha concesión complexa, xa que o administrador concursal está liquidando os bens patrimoniais que tiña a empresa, no que se inclúe o material que se utilizaba no Matadoiro pero mercado por eles; polo tanto para facer nós unha recuperación da concesión hai que facer un inventario e, por agora, non se pode ata que se acabe a liquidación patrimonial que se está a facer polo administrador concursal. En resumo, é un tema moi complexo, sobre todo tendo en conta que non temos con técnicos especializados neste tema, así que o asunto está atascado, pero intentando arranxalo.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** en que se basou o goberno municipal para gastar cen mil euros nas instalacións deportivas da Academia de Policía a sabendas de que se tratan de instalacións que non dependen do Concello e de que a xestión é o vai a ser privada, polo tanto que beneficios sacamos os estradenses desta inversión.

Contesta o **Sr. Alcalde** que para poder ter piscina cuberta e que sexa rentable é necesario invertir con certas garantías e servizos complementarios, e nestes momentos hai dúas opcións: pechar as piscinas ou colaborar en coordinación coas outras administracións, porque a Xunta tiña estimado en torno a 360.000 euros esa inversión e o grupo de goberno intentar poñerse de acordo para intentar sacar a licitación e que a empresa teña certas garantías e poida seguer a prestar ese servizo, mantendo os dezasete postos de traballo existentes na actualidade. Di que ante o escenario de pechar a piscina ou dar un paso adiante que conseguir que a Xunta invirta case 260.000 euros e que o Concello aporte 90.000 euros (da igual que sexa para o ximnasio o para a obra) e deste xeito lograr que a Xunta invirta e que o Concello poida retrasar a inversión ao exercicio 2017, ano no que se poderá consigar ese diñeiro. En resume di que é a mellor opción, sobre todo tendo en conta que a piscina climatizada é un servizo fundamental para os estradenses, non só para os abonados senón tamén polas diferentes actividades que se fan alí.

A **Sra. Mar Blanco** interrompe para dicir que ela pensaba que, ao estar a Piscina dentro da Academia da Policía, xa era suficiente para que a Xunta se encargara en solitario desas instalacións e o Concello non teña que aportar nada.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que é certo que se trata dunha instalación que está dentro dos terreos da Academia, pero tamén é certo que a mesma é utilizada polo 90% dos veciños da Estrada, menos porcentaxe que o utilizado realmente pola Academia, é máis, di que esa foi unha premisa no seu día para permitir a construción da mesma; polo tanto, o Concello, cando a Xunta lle plantexa a situación, intenta negociar para que esta aporte o maior diñeiro posible e nós aportar unha cantidade menor para evitar o peche, xa que é un servizo necesario, o mesmo ocorre con outras inversións ou edificios (colexios, gardería, etc.)

Para finalizar, A **Sra. Mar Blanco** quere recordar que presentou dúas mocións (unha delas fai meses) e que hai que convocar as correspondentes Comisións para debatilas e traela ao Pleno para as súas aprobacións.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte e oito minutos.

A Estrada, 2 de xuño de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso